

Libro de cualificacións moodle

1. Organizar no papel como vai ser a nosa avaliación


Hai tres apartados se atendemos ao tipo de actividades de avaliación

- a) Exames escritos e tarefas que non realizamos por medio da aula virtual.
- b) Tarefas que o alumnado entrega na aula virtual.
- c) Cuestionarios que se realizan na aula virtual.

No apartado a) introducimos as notas directamente no libro de cualificacións mentras que nos casos b) e c) a aula virtual envía a cualificación da tarefa ou do cuestionario ao libro de cualificacións. Se queremos modificalas temos que ir á tarefa.

Destas actividades temos que ter claro que porcentaxes imos darlle a cada unha e en que categorías imos distribuila (isto é fácil, normalmente 1ª, 2ª e 3ª avaliación, en edixgal por exemplo xa aparecen así por defecto, na aula virtual temos que crealas.

Para comezar a traballar co libro imos ao engrenaxe arriba á dereita do noso curso de moodle e picamos en **Axustes do libro de cualificacións**



2. Facer a estrutura das nosas tres avaliacións

Agora imos establecer as nosas categorías (as tres avaliacións) ao longo do curso e para iso picamos en Engadir categoría

Nome	Cualificación máxima
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1ºESO	-
Total do curso Media ponderada simple de cualificacións.	100,00

Na seguinte pantalla creamos a categoría onde cubriremos os seguintes apartados:

Nome da categoría: Escribimos 1ª Avaliación

Agregación (Como calculo a nota media da avaliación): Escollemos Media ponderada de cualificacións, xa que imos meter as porcentaxes de valoración de cada actividade.

Puntuación máxima: Marcamos 10.

Quitar a pestana de excluir cualificacións baleiras. (Temos que picar en amosar máis de Categoría de cualificación)

▼ **Categoría de cualificación**

Nome da categoría

Agregación

Amosar menos...

Excluir as cualificacións baleiras

Descartar as máis baixas

▼ **Total da categoría**

Amosar máis...

Tipo de cualificación

Escala

Puntuación máxima

Cualificación mínima

Agochado

Bloqueado

▶ **Categoría principal**

Picamos en Gardar os cambios.

Deste xeito creamos as tres categorías correspondentes ás tres avaliacións.

Unha vez feito isto temos que configurar o cálculo da nota final do noso curso, establecendo como nota máxima 10 e marcando para o cálculo media ponderada de cualificacións e así poder establecer por exemplo que a 1ª avaliación ten un peso do 25%, a segunda un 35% e a terceira un 40%. Se queremos que todas valgan o mesmo poñeremos un 33,33% nas tres avaliacións.

Para facer isto vemos as seguintes pantallas:

Esta sería a pantalla que teremos unha vez creadas as tres categorías:

Nome	Ponderacións ?	Cualificación máxima
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1ºESO		-
1ª Avaliación		-
Total 1ª Avaliación Media ponderada de cualificacións.		10,00
2ª Avaliación		-
Total 2ª Avaliación Media ponderada de cualificacións.		10,00
3ª Avaliación		-
Total 3ª Avaliación Media ponderada de cualificacións.		10,00
Total do curso Media ponderada simple de cualificacións.		100,00

Gardar os cambios

E para cambiar a nota máxima do curso total (nota final) a 10 e o seu cálculo coa media ponderada de cualificacións, picaremos na parte superior onde está o nome do curso en Accións – Editar – Editar os axustes e na seguinte pantalla que é da Categoría Nota final poñemos puntuación máxima 10 e Agregación Media ponderada de cualificacións. Picamos en Gardar os cambios.

Nome	Ponderacións ?	Cualificación máxima	Accións
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN 1ºESO		-	Editar
1ª Avaliación		-	Editar

Categoría de cualificación	
Nome da categoría	Nota final
Agregación	Media ponderada de cualificacións
Amosar máis...	
Total da categoría	
Amosar máis...	
Tipo de cualificación	Valor
Escala	Non usar escala
Puntuación máxima	10,00
Cualificación mínima	0,00
<input type="checkbox"/> Agochado ?	
<input type="checkbox"/> Bloqueado ?	

[Gardar os cambios](#) [Cancelar](#)

Agora é o momento de meter as ponderacións das tres categorías dependendo da porcentaxe de valoración de cada avaliación, se son iguais meteremos un 33,33 en cada avaliación.

The screenshot shows a hierarchical structure for course evaluation. At the top is a folder labeled 'Nota final'. Below it are three evaluation categories: '1ª Avaliación', '2ª Avaliación', and '3ª Avaliación'. Each category has a corresponding 'Total' box with a weight of '1,0'. Below each category is a summary box for 'Total 1ª Avaliación', 'Total 2ª Avaliación', and 'Total 3ª Avaliación', each with the description 'Media ponderada de cualificacións.'. At the bottom is a final summary box for 'Total do curso' with the same description. Three arrows point from the '1,0' values in the category boxes to the 'Total do curso' box, indicating that the weights are being applied to the final course total.

3. Introducir os nosos elementos de avaliación

Unha vez creada a estrutura xeral, é o momento de introducir os elementos de avaliación correspondentes á cada categoría. Neste exemplo, vou realizar na primeira avaliación un exame escrito, unha tarefa que non entregan na aula virtual (por exemplo un traballo que entregan feito a man), unha tarefa que entregan pola aula virtual e un cuestionario da aula virtual.

Os dous primeiros elementos de cualificación non se entregan pola aula virtual polo que teño que engadilos no propio libro de cualificación picando na parte inferior da páxina de axustes do libro de cualificacións en Engadir un elemento de cualificación.

The screenshot shows the 'Total do curso' box with a weight of '10,00'. Below it is a blue button labeled 'Gardar os cambios'. At the bottom, there is a dropdown menu labeled 'Mover os elementos seleccionados a' with the option 'Escoller...'. An arrow points from the text above to the 'Engadir un elemento de cualificación' button, which is located at the bottom right of the page.

Aparecerá esta pantalla, na que poñeremos o nome do elemento (exame de informática), a puntuación máxima 10, a categoría do elemento (neste caso, 3ª avaliación) e a ponderación do exame na avaliación (por exemplo 40% poñeríamos 40,00)

Elemento de cualificación

Nome do elemento

Amosar máis...

Tipo de cualificación

Escala

Puntuación máxima

Cualificación mínima

Agochado

Bloqueado

Categoría principal

Ponderación do elemento

Categoría de cualificación

Gardar os cambios Cancela

Picamos en Gardar os cambios

Crearíamos do mesmo xeito o outro elemento que non se entrega a través da aula virtual, unha tarefa que entregan en papel en man cunha ponderación do 10% e a vista da miña páxina de axustes do libro de cualificacións tería esta forma sen estar rematada:

3ªAvaliación		33,33
<input type="checkbox"/> Entrega proposta individual		10,0
<input type="checkbox"/> Exame Informática		40,0
Total 3ªAvaliación	Media ponderada de cualificacións.	

Aínda temos que meter a tarefa e a proba (cuestionario) da aula virtual.

Todas as tarefas e probas (cuestionarios) creados na aula virtual pasan a estar automaticamente no noso libro de cualificacións, o único que teríamos que facer é recolocalos na categoría (avaliación) que nos queiramos. Podemos facelo de dous xeitos, un sería no momento de crear a tarefa ou o cuestionario asignarlle xa a categoría no apartado de cualificación (podemos facelo en calquera momento picando na engrenaxe e en Editar os axustes da tarefa, non ten porque ser só no momento de creala)

ENTREGA DO PROGRAMA CON SCRATCH

Grupos separados: Todos os participantes
Resumo das cualificacións

Agochar para os alumnos	Non
Participantes	0

- ▶ Tipo de comentarios
- ▶ Axustes de entregas
- ▶ Axustes de entregas de grupo
- ▶ Notificacións
- ▶ **Cualificación**
- ▶ Axustes común do módulo
- ▶ Restringir acceso
- ▶ Etiquetas
- ▶ Competencias

Gardar e volver ao curso Gardar e presentar Cancelar

Ao picar en cualificación marcamos como puntuación máxima 10 e a avaliación (categoría) na que imos realizar esta tarefa, tal como vemos na seguinte imaxe:

▼ **Cualificación**

Cualificación ?

Tipo

Puntuación máxima

Método de cualificación ?

Categoría de cualificación ?

Cualificación para aprobar ?

Puntuación cega ?

Agochar a identidade dos alumnos ?

Usar o fluxo de traballo de corrección ?

A outra opción para colocar as tarefas e os cuestionarios da aula virtual é facelo no mesmo apartado de axustes do libro de cualificacións, tal como comentamos moodle coloca estos elementos no libro e nos só temos que recolocalos. Para isto picamos nas frechiñas de subir e baixar que nos permiten recolocar todos os elementos de avaliación onde queiramos.

↑	3ªAvaliación	33,33
↑	<input type="checkbox"/> Entrega proposta individual	10,0
↓	<input type="checkbox"/> Exame Informática	40,0
⌘	Total 3ªAvaliación Media ponderada de cualificacións.	
↑	ENTREGA DO PROGRAMA CON SCRATCH	20,0

1ª Avaliación

→ []

→ []

2ª Avaliación

→ []

→ []

3ª Avaliación

→ []

↓ Entrega proposta individual

→ []

↓ Exame Informática

→ []

E así xa nos quedaría deste xeito: (lembrade picar en Gardar os cambios):

↓ 3ª Avaliación	33,33
↓ <input type="checkbox"/> Entrega proposta individual	10,0
↓ 📁 ENTREGA DO PROGRAMA CON SCRATCH	20,0
↓ <input type="checkbox"/> Exame Informática	40,0
\bar{x} Total 3ª Avaliación Media ponderada de cualificacións.	
\bar{x} Total do curso Media ponderada de cualificacións.	

Gardar os cambios

Para incorporar unha proba (cuestionario) sería exactamente igual que a tarefa, nos axustes da proba marcamos a categoría (avaliación) que queiramos ou a recolocamos a posteriori no propio apartado de axustes do libro de cualificacións. Deste xeito teríamos xa:

Actividade	Ponderación
Entrega proposta individual	10,0
ENTREGA DO PROGRAMA CON SCRATCH	20,0
Exame Informática	40,0
PROBA 3ª AVALIACIÓN	30,0
Total 3ªAvaliación Media ponderada de cualificacións.	33,33
Total do curso Media ponderada de cualificacións.	

Gardar os cambios

As ponderacións podemos cambialas en calquera momento na propia páxina de axustes do libro de cualificacións.

4. Últimos retoques

Unha vez rematado o proceso feito ata agora xa temos o noso libro de cualificacións preparado, pero queda algunha cousa por configurar, ata agora todo o fixemos no apartado de axustes do libro de cualificacións, pero hai moitos máis apartados, imos centrarnos nos máis importantes. Todas estas opcións podemos velas picando na pestana que está arriba a esquerda.

Axustes do libro de cualificacións

Axustes do libro de cualificacións

- Ver
 - Informe do cualificador
 - Historial de cualificacións
 - Informe de resultados
 - Informe de vista xeral
 - Vista individual
 - Informe do usuario
- Axustes**
 - Axustes do libro de cualificacións**
 - Axustes da cualificación do curso
 - Preferencias: Informe do cualificador
- Escalas**
 - Ver
- Letras**
 - Ver
 - Editar
- Importar**
 - ficheiro CSV
 - Pegar dende folia de cálculo
 - Ficheiro XML


Temos que ter estes conceptos claros:

Axustes do libro de cualificacións: é a páxina onde configuramos toda a estrutura do libro, as categorías (avaliacións) e os elementos de cualificación e as súas ponderacións.


Informe do cualificador: é a páxina onde podemos ver todas as notas do noso alumnado e modificar as cualificacións das tarefas que non están na aula virtual (exames en papel ou tarefas que non entregan a través da aula virtual e entregan en man).

Informe do usuario: é a páxina onde nos amosa que o que ve exactamente o alumnado no apartado de cualificacións no seu ordenador.

Imos ver o **informe do cualificador**, que é o informe do profesorado coas notas do alumnado. Para isto picamos no despregable anterior en informe do cualificador.



E agora teríamos a seguinte ventá onde estarían todas as notas do alumnado e onde poderíamos modificar as cualificacións das tarefas que o libro non colle directamente da propia aula.




Para poñer as notas por exemplo da tarefa de Entrega da proposta individual dun proxecto da 3ª avaliación picaríamos no lapis e teríamos esta pantalla, na que en cualificación meteríamos as notas unha a unha e tamén podemos indicarlle ao alumnado algún comentario.

Nome completo do usuario	Intervalo	Cualificación	Comentarios
S1B Iván Cambeiro Lameiro	0,00 - 10,00	<input type="text"/>	<input type="text"/>
S1B Martín Carballal Morgade	0,00 - 10,00	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Se intentásemos meter as notas de tarefas ou probas feitas a través da aula virtual veríamos que non nos deixa porque colle directamente a nota da tarefa ou da proba na aula, para modificalas teríamos que ir á propia tarefa.

Agora pasamos a analizar o informe que vería o alumnado no seu ordenador (**Informe do usuario**), a miña opinión personal é que deberían ver a ponderación que lle imos dar a cada cualificación, a cualificación e os comentarios no caso de que os haxa. Para acadar isto temos que ir no mesmo despregable de antes a **Axustes de cualificación do curso**. Senón queredes que apareza a ponderación teríamos que picar en agochar na opción de amosar as ponderacións.



E na seguinte ventá teremos que comprobar o seguinte no apartado de Informe do usuario

Informe do usuario

Cambiar os valores predeterminados

Amosar a posición	<input type="text" value="Predeterminado (Agochar)"/>
Amosar percentaxe	<input type="text" value="Agochar"/>
Amosar as cualificacións	<input type="text" value="Predeterminado (Amosar)"/>
Amosar comentario	<input type="text" value="Predeterminado (Amosar)"/>
Amosar as ponderacións	<input type="text" value="Predeterminado (Amosar)"/>
Amosar a media	<input type="text" value="Predeterminado (Agochar)"/>
Amosar as cualificacións con letra	<input type="text" value="Predeterminado (Agochar)"/>
Amosar a achega ao total do curso	<input type="text" value="Agochar"/>
Amosar os intervalos	<input type="text" value="Agochar"/>
Intervalo de puntos decimais	<input type="text" value="0"/>
Amosar os elementos agochados	<input type="text" value="Predeterminado (Agochar só ata)"/>
Agochar os totais se conteñen elementos agochados?	<input type="text" value="Predeterminado (Agochar)"/>

Para rematar, un último aspecto, temos que ter coidado porque se agochamos as tarefas ou os cuestionarios na aula virtual tamén van desaparecer do noso libro de cualificacións. Podemos agochar as notas globais das avaliacións ata que estén todas as notas postas, xa que moodle obtén unhas cualificacións globais provisionais. Para agochar estas notas imos á nosa páxina de Axuste do libro de cualificacións e alí picamos en Editar - Agochar nas categorías (avaliacións) que queiramos ocultar. Cando estén postas todas as notas da avaliación xa podemos amosar a nota total, picando de novo en Editar – Amosar.

3ª AVALIACIÓN	33,33	-	Editar
ENTREGA DO PROGRAMA EN C++ DO XOGO DO TRES EN RAIA	30	10,00	Editar
Total 3ª AVALIACIÓN Media ponderada de cualificacións.		10,00	Editar
Total do curso Media ponderada de cualificacións.		10,00	Editar

Gardar os cambios

Mover os elementos seleccionados a Escoller...

Engadir un elemento de cualificación Engadir categoría

O informe de usuario (aquí só vemos a 1ª avaliación) quedaría do seguinte xeito:

Elemento de cualificación	Ponderación calculada	Cualificación	Comentarios
TIC II 2ºBACH FERNANDO			
1ª AVALIACIÓN			
<input type="checkbox"/> EXAME DIAGRAMAS DE FLUXO-PSEUDOCÓDIGO	25,00 %	10,00	
<input type="checkbox"/> 1ºEXAME PROGRAMACIÓN C++	25,00 %	9,50	
<input checked="" type="checkbox"/> ENVÍO DO TRABALLO PRÁCTICO DE PROGRAMACIÓN 1	30,00 %	9,00	Ola Alejandro, No programa das m
<input checked="" type="checkbox"/> ENVÍO DO 1ºRETO DE PROGRAMACIÓN C++	0,00 % (Baleira)	-	
<input checked="" type="checkbox"/> ENVÍO DO 1ºRETO DE PROGRAMACIÓN C++	10,00 %	10,00	Ola Alejandro porqu correcto.
<input type="checkbox"/> TRABALLO CLASE 1ªAVALIACIÓN	10,00 %	10,00	
Total 1ª AVALIACIÓN Media ponderada de cualificacións.	50,00 %	9,58	

Crear subcategorías dentro das categorías das avaliacións

É moi habitual que dentro de cada avaliación tiñamos un reparto por partes de exames un %, traballos prácticos outro % e tarefas de clase outro % ata o 100%. Se queremos traballar así o que teríamos que facer é **crear do mesmo xeito que fixemos coas avaliacións** tres categorías dentro das categorías de cada avaliación que poderían ser por exemplo para a 1ª AVALIACIÓN: EXAMES 1ª AVALIACIÓN, TRABALLOS PRÁCTICOS 1ª AVALIACIÓN E TAREFAS DE CLASE 1ª AVALIACIÓN. Daríamolle unhas porcentaxes, por exemplo 40 %, 40% e 20 % para acadar o total de 100% da 1ª avaliación e dentro de cada subcategoría meteríamos as porcentaxes de cada elemento. No exemplo inferior dentro da categoría de exames dinlle un peso superior do 60 % ao 1º exame respecto ao cuestionario que ten un 40%. Quedaríanos así a 1ª avaliación:


Aula Virtual Galego (gl) ▾

1ª AVALIACIÓN	33,33
EXAMES 1ª AVALIACIÓN	40,0
1º Exame 1ª avaliación	60,0
CUESTIONARIO TEST INFORMÁTICA	40,0
Total EXAMES 1ª AVALIACIÓN Media ponderada de cualificacións. Incluir as cualificacións baleiras.	
TRABALLOS PRÁCTICOS 1ª AVALIACIÓN	40,0
COMENTARIO DE TEXTO	50,0
TRABALLO DE IMPRESS	50,0
Total TRABALLOS PRÁCTICOS 1ª AVALIACIÓN Media ponderada de cualificacións. Incluir as cualificacións baleiras.	
TAREFAS DE CLASE 1ª AVALIACIÓN	20,0
WRITER: HORARIO DE CLASE	50,0
TRABALLO DE CLASE DE IMPRESS	50,0
Total TAREFAS DE CLASE 1ª AVALIACIÓN Media ponderada de cualificacións. Incluir as cualificacións baleiras.	
Total 1ª AVALIACIÓN Media ponderada de cualificacións. Incluir as cualificacións baleiras.	

Deste xeito por exemplo no apartado de tarefas de clase poderíamos meter moitas tarefas e a súa porcentaxe de valoración quedaría limitado ao 20 %, que se repartiría entre os elementos de avaliación introducidos segundo a porcentaxe que lle demos nos.

Calcular o valor das categorías mediante fórmulas

Nas follas de cálculo podemos introducir expresións como o máximo de dúas cualificacións ou introducir condicións coa función if (se), e non facer só o cálculo das notas medias con ponderacións (multiplicacións e sumas). Para acadar isto temos que ir á nosa ventá superior esquerda e seleccionar **Preferencias Informe do calificador**.



Na ventá seguinte marcamos Si en Amosar os cálculos

Preferencias de informe do calificador

Cambiar os valores predeterminados do informe

Preferencias: Informe do calificador

Amosar/agochar os conmutadores


Amosar os cálculos



Si

E despois na parte inferior lembre picar en Gardar os cambios.

Agora temos que volver a Axustes do Libro de cualificacións e en cada categoría picamos en Editar – Editar cálculo



Vemos que no Total da 3ª avaliación aparece unha calculadora e non o símbolo de media ponderada

Abriríase esta ventá:

En cálculo meteríamos a fórmula para calcular a nota da categoría e onde pon Números ID meteríamos un código inventado por nos para introducir na fórmula os diferentes elementos de cualificación no meu caso PRI, SCRATCH, EXINF E PROBA, de tal xeito que me quedou:

=MAX([[RECEXINF]];[[EXINF]])*0,5+[[SCRATCH]]*0,25+[[PROBA]]*0,25. Así teño que o 50% da avaliación sería o máximo de dúas cualificacións o exame de informática e a súa recuperación e o 50% restante os outros dous elementos de avaliación. Como podemos ver os Números ID van sempre entre dobre corchete. [[]].

Cálculo

$$=MAX([[RECEXINF]];[[EXINF]])*0,4+[[SCRATCH]]*0,25+[[PROBA]]*0,25+[[PRI]]*0,1$$

Guardar os cambios Cancelar

Números ID

- Nota final
 - Total do curso
 - 1ª Avaliación
 - Total da categoría: [[AV1]]
 - Exame 1ª avaliación: [[EX1AV]]
 - COMENTARIO DE TEXTO: [[COMTEXT]]
 - TRABALLO DE IMPRESS: [[IMPR]]
 - CUESTIONARIO TEST INFORMÁTICA: [[TEST]]
 - 2ª Avaliación
 - Total da categoría: [[AV2]]
 - 3ª Avaliación
 - Total da categoría
 - Entrega proposta individual: [[PRI]]
 - ENTREGA DO PROGRAMA CON SCRATCH: [[SCRATCH]]
 - Exame Informática: [[EXINF]]
 - Recuperación exame de informática: [[RECEXINF]]
 - PROBA 3ª AVALIACIÓN: [[PROBA]]

Os números ID (Codigos dos elementos de avaliación) metémolos na ventá previa a esta, na que aparecen os rectángulos en branco para poder introducilos (Como o que está aquí do total do curso). Unha vez introducidos picamos en Engadir números ID.

Engadir números ID

Outro exemplo sería: Supoñemos que temos unha categoría chamada exames que contén tres elementos de cualificación “Exame 1” (con número ID: [[E1]]), “Exame 2” (con número ID: [[E2]]) e Recuperación (con número ID: [[R]]). Queremos que a nota media sexa a media do Exame 1 e o Exame 2 sempre que estén os dous aprobados (nota superior ou igual a 5). En caso contrario a nota sería a do exame de recuperación. Para acadar isto a fórmula sería:


=if(and([[E1]]>=5;[[E2]]>=5);average([[E1]];[[E2]]);[[R]])

Este exemplo sería unha barbaridade académica porque se un alumno leva un 9 e un 4,9 nos dous primeiros exames e un 2 na recuperación a nota obtida sería un 2.

As funcións máis usadas son average (promedio), max(máximo), min(mínimo), if(condicional) e as funcións lóxicas and e or.

Pasar as cualificacións a unha folla de cálculo

Pode ser útil pasar as cualificacións que temos na aula virtual a unha folla de cálculo (calc(open document ou excel), por se por exemplo temos que aplicar fórmulas ou condicións para obter a nota final. Para isto imos ao noso despregable da parte superior esquerda e picamos en **Exportar Folla de cálculo de OpenDocument ou de Excel** (se vos gusta máis).



E entón teríamos a seguinte ventá:

Folla de cálculo de OpenDocument

Exportar a Folla de cálculo de OpenDocument

Grupos separados Todos os participantes

▼ Elementos de cualificación para ser incluídos

- EXAME DIAGRAMAS DE FLUXO-PSEUDOCÓDIGO
- 1ºEXAME PROGRAMACIÓN C++
- ENVÍO DO TRABALLO PRÁCTICO DE PROGRAMACIÓN 1
- ENVÍO DO 1ºRETO DE PROGRAMACIÓN C++
- ENVÍO DO 1ºRETO DE PROGRAMACIÓN C++
- TRABALLO CLASE 1ªAVALIACIÓN

Aquí marcaríamos as notas que nos interesen pasar á folla de cálculo e picaríamos abaixo en Descargar.

EXAME TEST HTML, CSS E JAVASCRIPT

Total da categoría

Total do curso

Seleccionar todo/nada

▶ Opcións de formato de exportación

Descargar

Teríamos a folla de cálculo con moitas columnas que non nos interesan:

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L
1	Nome	Ap	Número ID	Institución	Departamento	Enderezo	EXAME DIA	EXAME PP	Tarefa: ENVÍO	Tarefa: ENVÍO	Tarefa: ENVÍO	TRABALLO
2	B2C A	Ba			bach2c	alejandro	10	9,5	9,-		10	10
3	B2B O	Bo			bach2b	carlix281	7,25	6,5	5,5-	10-		10
4	B2C J	Ca			bach2c	jocago10	3	6,5	9,5-		10	10
5	B2C I	Ce			bach2c	iagocerna	9,25	10	8,75-		10	10
6	B2C M	Co			bach2c	martin20	2	7	9,5-		10	10
7	B2C D	Cu			bach2c	danjucell	9	9,5	8,25-		10	10
8	B2B P	Do			bach2b	pablodac	8,75	9,5	9,-	10-		10
9	B2C D	Du			bach2c	djegodura	4	8,75	10-		10	10

Marcamos as columnas que non nos interesan e con botón dereito imos a Eliminar columnas.

	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J
1	Nome	Ap	Número ID	Institución	Departamento				Tarefa: ENVÍO	Tarefa: ENVÍO
2	B2C A	Ba			bach2c				9,-	
3	B2B O	Bo			bach2b				5,5-	
4	B2C J	Ca			bach2c				9,5-	
5	B2C I	Ce			bach2c				8,75-	
6	B2C M	Co			bach2c				9,5-	
7	B2C D	Cu			bach2c				8,25-	
8	B2B P	Do			bach2b				9,-	
9	B2C D	Du			bach2c				10-	
10	B2C A	Fe			bach2c				10-	
11	B2B A	Fi			bach2b				6,25-	
12	B2C O	Fo			bach2c				8,-	
13	B2B O	Go			bach2b				8,25-	
14	B2C P	Gi			bach2c				-	
15	B2C O	Gj			bach2c				9,5-	
16	B2B I	Gk			bach2b				8,5-	
17	B2B M	Gl			bach2b				10	
18	B2C A	La			bach2c				7,25-	

E así teríamos só os datos que nos interesan.